

INFORMACIÓN EMBARGADA ATA AS 21:30 HORAS

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E CREACIÓN DE EMPREGO, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ, PRINCIPIOS REITORES DO “CONTRATO QUE ASINA O PSOE DE CHANTADA COS CIDADÁNS”

Así o destacou a candidata -Raquel López Rodríguez-, durante o mitin organizado polos socialistas, e no que estivo acompañada por Lara Méndez

A candidata aposta “por fomentar a participación cidadá real e por fuxir da confrontación, porque con ela non xeran postos de traballo e o que crea que con ela gaña votos, comete unha gran irresponsabilidade”

“Rodeime dun equipo de homes e mulleres cos que quero que o corazón de Chantada volva a latir. Son xente preparada, pero xente con corazón, con ilusión, honradez, e iso é o máis importante”, destacou

Lara Méndez insistiu en “explicarlle aos veciños como o PSdeG vai recuperar Chantada o que en tan só tres anos nos quitaron dende Madrid, Santiago e dende o propio concello. Nós imos recuperar todo o que o Partido Popular nos quitou, imos gobernar para que a maioría saia adiante”

Chantada, 15 de maio de 2015.- A candidata dos socialistas de Chantada -Raquel López Rodríguez-, acompañada da vicepresidenta segunda da Deputación -Lara Méndez- explicou no mitin organizado por esta formación política o proxecto co que “pretende devolver a alcaldía ao PSOE”.

“Temos que gañar o 24 de maio, porque votar aos socialistas é poñer fin a gobernos de dereitas. Fronte a un goberno local que, pouco ou nada, fixo nestes catro anos, presentamos un programa realista, que vai a cambiar este concello. É dicir, só hai dúas saídas: ou nós o a desidia do alcalde”. Neste senso, a candidata socialista aposta “por fomentar a participación cidadá real e por fuxir da confrontación, porque con ela non se crea emprego e o que crea que con ela gaña votos, comete unha gran irresponsabilidade”.

Para elo, proseguíu, “rodeime dun equipo de homes e mulleres cos que quero que o corazón de Chantada volva a latir”. Raquel López Rodríguez foi presentando aos integrantes da candidatura un a un, poñendo especial énfase “nos seus valores humanos e na capacidade de traballo e liderado”. “Son xente preparada, pero xente con corazón, con ilusión, honradez, e iso é o máis importante”, subliñou.

O voto do PSOE, unha garantía

Lara Méndez insistiu en “explicarlle aos veciños como o PSdeG vai recuperar Chantada o que en tan só tres anos nos quitaron dende Madrid, Santiago e dende o propio concello. Nós imos recuperar todo o que o Partido Popular nos quitou, imos gobernar para que a maioría saia adiante”.



“Cada voto ao PSOE é unha garantía de sanidade pública, de transparencia, de educación de calidade, de axuda á dependencia, de asistencia aos nosos maiores, é dicir, de recuperar o que é noso”, concluíu a vicepresidenta Provincial, quen se mostrou convencida de que o 24M “imos facer historia e poñer non só ao Concello, senón á provincia rumbo ao futuro”.

“Contrato cos cidadáns”

Para elo, a socialista presenta un programa que ven a ser “un contrato cos cidadáns, no que os principios reitores son o desenvolvemento económico e a creación de emprego sobre todo ligada á riqueza agrícola, gandeira, paisaxística e patrimonial do noso concello, a transparencia e a participación cidadá”.

“Cremos na igualdade de dereitos de todos, vivan no núcleo urbano ou no rural. Apostamos polo turismo como fonte de riqueza e de diversificación económica. Queremos un concello garante de servizos públicos de calidade, dun urbanismo ordenado e sostible e dunhas infraestruturas eficientes e ben conservadas. Esixiremos uns servizos sociais amplos para tódolos sectores, mocidade, mulleres e persoas maiores, poñendo o acento naqueles colectivos máis vulnerables debido á crise. Persistiremos na memoria da nosa tradición e cultura como os nosos símbolos de identidade como cidadáns de Chantada”, sulíñou.

